



## **INFORMACIÓN XERAL DO TITULAR DO SITIO WEB**

En cumprimento co deber de información recollido no artigo 10 da Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, fanse constar as seguintes circunstancias:

A empresa titular deste sitio web ([www.congresodoteatro.gal](http://www.congresodoteatro.gal)) é a Academia Galega de Teatro (AGT), entidade con domicilio en A Coruña (Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º 15703), con CIF G-70539747.

Número telefónico e enderezo electrónico para contacto cos usuarios: +34 616 622 176, [info@congresodoteatro.gal](mailto:info@congresodoteatro.gal)

## **TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento Xeral de Datos Persoais (EU) 2016/679, a AGT comunica que:

Os datos persoais facilitados a través do presente sitio web serán tratados única e exclusivamente para a correcta xestión dos servizos dispostos no sitio web, do que é responsábel a AGT. A aportación destes datos persoais baséase no consentimento expreso do titular. Recadaranse os datos persoais imprescindíbeis para poder prestar os servizos incluídos no sitio web e as actividades relacionadas coa AGT, así como o envío de comunicacións informativas vinculadas ao desenvolvemento das funcións propias da AGT. En ningún caso os datos fornecidos serán cedidos a terceiras persoas, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

O titular dos datos poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, limitación, portabilidade e reclamación mediante escrito dirixido a: [academiagalegadeteatro@gmail.com](mailto:academiagalegadeteatro@gmail.com)

Para o exercicio dos mencionados dereitos o titular deberá identificarse de forma confiábel fornecendo unha copia do DNI/Pasaporte ou documento identificativo análogo. Se o titular dos datos estima lesionado o exercicio dos devanditos dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.com](http://www.agpd.com)).

## **EMPREGO DE COOKIES**

A AGT poderá utilizar cookies para personalizar e facilitar ao máximo a navegación do usuario polo seu sitio web. As cookies asóciase unicamente a un usuario anónimo e ao seu computador, e non fornecen referencias que permitan deducir datos persoais do usuario. O usuario poderá configurar o seu navegador para que notifique ou rexeite a instalación das cookies enviadas pola AGT, sen que iso prexudique a posibilidade do usuario de acceder aos contidos.

## **REALIZACIÓN DE PEDIDOS**

Para realizar un pedido é preciso seleccionar os servizos que se desexe e facilitar una serie de datos de carácter persoal mínimos a través dos formularios e as instrucións facilitadas en cada paso.

A aceptación das condicións de compra e a validación do pedido por parte do cliente supón expresamente o coñecemento e aceptación destas condicións xerais de contratación como parte da celebración do contrato.

Salvo proba en contrario, os datos rexistrados pola AGT constitúen a proba do conxunto de transaccións realizadas entre esta e os seus clientes, que permanecerán arquivados e protexidos.

## **PAGOS E DEVOLUCIÓN**

Pode pagar o seu pedido (inscrición no Congreso) a través dos sistemas de pagamento que aparecen na sección de pagamento do noso sitio web: <https://www.congresodoteatro.gal>

Só se aceptan pagamentos en euros.

Se o pagamento se realiza con tarxeta de crédito ou débito a través da pasarela de pagamento, ten que proporcionar os datos da súa tarxeta de crédito ou débito no momento da súa solicitude. Só se aceptan pagos con tarxetas seguras en que a identificación de súa identidade como o titular da tarxeta se realiza de acordo co método establecido polo banco a través do servizo de comercio electrónico seguro.

Se o pagamento se realiza por transferencia bancaria, recibirá unha solicitude de pagamento por correo electrónico.

Se o usuario non está satisfeito con calquera dos servizos que pide, pode exercer o dereito de desestimento e solicitar o reembolso dentro dun prazo máximo de catorce (14) días naturais seguintes á realización do pedido, para obter o reembolso do importe do/s servizo/s.

A fin de exercer a opción de devolver un pedido, deberá enviar un correo a [academiagalegadeteatro@gmail.com](mailto:academiagalegadeteatro@gmail.com) anexando o número da factura e o número de pedido, e incluíndo os seus detalles de contacto para que poidamos xestionar a devolución do importe abonado.

## **MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN**

A AGT resérvase o dereito a modificar, desenvolver ou actualizar en calquera momento e sen previa notificación, as Condicións de Uso da presente web. O usuario quedará obrigado automaticamente polas Condicións de Uso que se achen vixentes no momento en que acceda ao sitio web, polo que deberá ler periodicamente ditas Condicións de Uso.

## **EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE**

A AGT non se fai responsábel dos posíbeis erros de seguridade que se poidan producir nin dos posíbeis danos que se poidan causar no sistema informático do usuario como consecuencia da presenza de virus no computador empregado para a conexión aos servizos e contidos de [www.congresodoteatro.gal](http://www.congresodoteatro.gal), dun mal funcionamento do navegador ou do uso de versións non actualizadas do mesmo.